

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 19 DE OUTUBRO DE 2021.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.^a María Guadalupe Pombo Carril
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.^a Yessica Méndez Sánchez

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Vanessa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as dez horas e dous minutos do día dezanove de outubro do ano dous mil vinte e un, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.^a María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.^a Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.^a Yessica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.^a Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA EN DATA 13 DE OUTUBRO DE 2021.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o día trece de outubro de dous mil vinte e un, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión extraordinaria realizada en data 13 de outubro de 2021.

2.- DACIÓN DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Orde do 8 de outubro de 2021, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se modifica o artigo 15 da Orde do 30 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións pra o ano 2021, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do Plan específico de acción comunitaria destinado a asociacións veciñais, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños de Galicia, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia (Diario Oficial de Galicia número 14, do 22 de xaneiro). DOG núm. 198 do 14-10-2021.

- Resolución do 7 de outubro de 2021, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, pola que se modifica a Resolución do 28 de decembro de 2020 para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2021-2022. DOG núm. 199 do 15-10-2021.
- Resolución do 7 de outubro de 2021, da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se convocan varias edicións dos cursos de condución evasiva e condución 4x4, dirixidos a membros dos corpos de Policía Local dos concellos de Galicia e da Unidade de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia. DOG núm. 201 do 19-10-2021.
- Anuncio do 7 de outubro de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á convocatoria e as bases da convocatoria (cuxa modificación foi aprobada na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 4 de outubro de 2021) do proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de traballador/a social, funcionario de carreira, oposición. BOP núm. 197 do 15-10-2021.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da concellería delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte:

“

***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
05/08/21	1520	Aceptar o desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar formulado e declarar concluído o procedemento.	***35986*	
09/08/21	1529	Conceder Servizo de teleasistencia domiciliar e dar traslado desta resolución á Deputación da Coruña	***54150*	
11/08/21	1532	Conceder un servizo de 10 horas á semana (agás festivos) das cales poderá beneficiarse en 2 horas á semana a súa esposa	***77736* ***92218*	
16/08/21	1547	Conceder o servizo municipal de xantar na casa para os sete días da semana e dar traslado desta resolución ó	***02965*	

C.I.F. P-1503100-H

		Consortio Galego de Igualdade e Benestar.		
19/08/21	1563	Conceder. o servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de cinco horas á semana (agás festivos).	***31442*	

****PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

C.I.F. P-1503100-H

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
16/08/21	1548	Conceder unha axuda económica	****42338*	Pago de aluguer, correspondente aos meses de xaneiro e febreiro (400€/mes) e parte do recibo de marzo (329€) de 2021	1.129,00 €
16/08/21	1549	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	***35986*	Pago do recibo de luz correspondente ao mes de marzo, abril, maio e xuño, 9 de xullo, 12 de xullo e agosto de 2021 4º trimestre de auga de 2020, 1º e 2º trimestre de auga de 2021 Gas correspondente ao periodo do 15/12/2020 ao 9/02/2021, do 10/02/2021 ao 13/04/2021 e do 14/04/2021 ao 9/06/2021 (144,08€).	78,76€ 167,80€ 390,64€
16/08/21	1550	Conceder unha axuda económica	***26576*	Pago de aluguer, correspondente aos meses xaneiro, febreiro e marzo (310€/mes) e abril (199€) de 2021	1.129,00 €
16/08/21	1551	Autorización, disposición,	***50829*	Pago do recibo de auga	113,81 €

		recoñecemento, ordenación e pago		correspondente ao 1º e 2º trimestre de 2021 Pago do recibo de gas correspondente ao periodo do 15/12/2020 ao 8/06/2021 (118,59€).	232,40€
16/08/21	1552	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	***32950*	Pago do recibo de luz correspondente ao periodo dos meses 17/01/2021 (40,52€), 25/05/2021 (24,64€), 16/06/2021 (17,86€) e 21/06/2021 (7,84€)	90,86 €

***TARXETA ESTACIONAMENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de decembre de 2014)**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
09/08/21	1521	Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade	***99747*	PROVISIONAL ata o 18/05/2028
12/08/21	1542	Conceder a renovación da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	***68058*	Vixencia de 10 anos

C.I.F. P-1503100-H

3.2.2.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes actividades da concellería delegada da Área de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo:

“ACTIVIDADES CULTURAIS

XOVES 21 DE OUTUBRO

Auditorio do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 19.30 h:

Teatro do Andamio: *La nueva historia de la cigarra y la hormiga*.

Público familiar. Entrada gratuita. Aforo limitado. Reserva de asentos a mesma semana no tfno. 981665597. Aplicaranse as medidas anti-covid que estean en vigor.

VENRES 22 DE OUTUBRO

“Cullerchef na casa”, con Olga Rodríguez.

Desenvolverase nas redes sociais do Concello de Culleredo.

VENRES 22 DE OUTUBRO

Auditorio do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 20.30 h:

Código do documento	Código do expediente
USG15I03G3	USG/2021/177
Código de Verificación Electrónica (COVE)  6U58 275V 0000 2416 0FJ8	

Poten100amos: *Metamorfose*.

Público adulto. Entrada gratuíta. Aforo limitado. Reserva de asentos a mesma semana no tfno. 981665597.
Aplicaranse as medidas anti-covid que estean en vigor.

SÁBADO 23 DE OUTUBRO

Auditorio do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 20.30 h:

Teo Cardalda: *Claves líricas. Valle Inclán*.

Con María Monsonis como Josefina Blanco.

Público adulto. Entrada gratuíta. Aforo limitado. Reserva de asentos a mesma semana no tfno. 981665597.
Aplicaranse as medidas anti-covid que estean en vigor.”

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e sete minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

O alcalde

(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H